



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0842	Peiteados e recollidos	2023/2024	10	266	319
MP0842_12	Peiteados e acabamentos	2023/2024	10	170	204
MP0842_22	Recollidos, perrucas e extensións	2023/2024	10	96	115

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JULIA CABALEIRO VILLAR
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O IES Johan Carballeira sitúase nun área de influencia que abrangue a zona do morrazo Cangas e Bueu. Isto facilita o acceso a un amplo grupo de empresas cun sector produtivo bastante activo que permite unha alta inserción laboral do alumnado. Estas empresas manteñen relacións co centro a través da FCT, o que permite coñecer as súas necesidades e adaptar o currículo a estas.

Esta programación adáptase, polo tanto, para poder atender a esas necesidades do sector produtivo.

Competencias profesionais, personais e sociais

O rematar este módulo o alumno debera ser capaz de :

-Facer un estudio da imaxe do suxeito e das condicións e características do seu cabelo .

-Identifica-la area de traballo e prepara-los espazos , os equipamentos , os cosméticos , os aparellos e o a preparación do profesional para a realización dos procesos de peiteados, e recollidos e a adaptación de perrucas, postizos e extensións do cabelo .

-Executar destramente os procesos de peiteados , acabados e recollidos e adaptación de perrucas, postizos e extensións .

-Aplicar as normas de seguridade e hixiene nos procesos de peiteados e recollidos e adaptación de perrucas, postizos e extensións .

Este módulo capacita ó alumno/a para exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos persoais, concretamente de perrucaría, establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal desempeñando servizos de perrucaría, asesoramento e atención á clientela, comercialización de produtos ... Podería ser traballador por conta propia organizando a súa propia empresa.

As ocupacións e postos de traballo mais relevantes son os seguintes:

Recepcionista en empresas de perrucaría ou estética.

Axente comercial en empresas do sector.

Asesor/vendedor/demostrador en perfumerías e droguerías...

Equipos técnicos dependentes de laboratorios e marcas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da perrucaría e estética, como técnicos, probadores, demostradores e vendedores.

Perruqueiro/a ou Técnico estilista en:

Salóns de perrucaría

Departamentos de perrucaría de empresas dedicadas ó tratamento da imaxe persoal integral.



Departamentos de perrucaría de canles de televisión, produtoras.

Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servizos fúnebres.

Clínicas de medicina estética ou de transplantes capilares.

Balnearios, hoteis, ximnasios, cruceiros.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Organización do espazo de traballo	Organización, preparación e mantemento dos espazos de traballo.	8	5
2	Seguridade e hixiene nos procesos de peiteados	Normas de seguridade e hixiene nos procesos de peiteados.	8	5
3	A hixiene capilar	Hixiene e acondicionamento do cabelo e coiro cabeludo.	36	10
4	Diseño dos peiteados(visaxismo)	Factores que inflúen no deseño dos peiteados.	16	8
5	Execución do proceso de peiteados e acabados	Técnicas de peiteados e acabados.	130	30
6	Control de calidade e asesoramento	Avaliación da calidade nos servizos de peiteado.	6	2
7	Deseño dos recollidos(vixasismo)	Factores que inflúen no deseño dos recollidos.	16	5
8	Técnicas de recollidos	Técnicas para a execución dos recollidos.	57	20
9	Técnicas de colocación de perrucas e extensións	Técnicas de colocación de perrucas, prótesis capilares e extensións.	28	10
10	Calidade nos procesos de recollidos, perrucas e extensións	Avaliación da calidade nos recollidos, perrucas e extensións.	14	5



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Organización do espacio de traballo	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionáronse os aparellos xeradores de calor en función do proceso.
CA2.11 Identificáronse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
CA2.12 Seleccionáronse os moldes en función do efecto desexado.
CA2.17 Preparáronse as ferramentas e os utensilios necesarios no toucador e na área de traballo.

4.1.e) Contidos

Contidos
Organización do lugar de traballo: distribución dos medios e dos materiais no toucador e no moble auxiliar de peiteado.
Equipamentos térmicos: clasificación, características e mantemento.
Utensilios e ferramentas: tipos (moldes, elementos de suxeición e utensilios para realizar peiteados e cambios de forma temporais), características e mantemento.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Seguridade e hixiene nos procesos de peiteados	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Valorouse o mantemento das instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes do seu uso e despois.
CA2.6 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para realizar os procesos de cambios de forma temporais.
CA2.7 Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
CA2.8 Descríbóronse as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.13 Establecéronse as pautas de mantemento de aparellos, utensilios e accesorios.
CA2.16 Seguíronse as pautas para limpeza, desinfección e/ou esterilización dos utensilios logo do uso.

4.2.e) Contidos

Contidos
Materiais de protección. Aplicación de técnicas de hixiene e desinfección de utensilios, moblaxe e aparellos. Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de cambio de forma temporal. Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección.



Contidos
Medidas de protección do persoal profesional e da clientela. Ergonomía e hixiene postural.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A hixiene capilar	36

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA3 - Realiza a hixiene e o acondicionamento capilar, seleccionando os cosméticos en función do tipo de cabelo.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.15 Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.
CA3.1 Identifícanse os requisitos do lavacabezas e da butaca.
CA3.2 Acomodouse a persoa usuaria no lavacabezas.
CA3.3 Seleccionáronse os cosméticos en función das características do cabelo.
CA3.4 Especificouse o tipo de acondicionamento capilar en función do servizo posterior.
CA3.5 Seguíronse as pautas de manipulación dos cosméticos.
CA3.6 Xustificáronse as posicións anatómicas da persoa usuaria e da profesional durante a hixiene capilar.



Criterios de avaliación
CA3.7 Establecéronse as fases e as pautas de aplicación dos cosméticos de hixiene e acondicionamento capilar.
CA3.8 Realizáronse as manobras de masaxe para a limpeza do cabelo e do coiro cabeludo.
CA3.9 Aplicáronse técnicas complementarias e sensoriais na hixiene capilar.

4.3.e) Contidos

Contidos
Criterios de selección de cosméticos, pautas de manipulación e indicacións. Organización do espazo de hixiene capilar. Características e compoñentes do lavacabezas e da butaca. Acomodación e preparación da persoa usuaria. Criterios de selección de lenzaria. Posicións anatómicas da persoa usuaria e o profesional na hixiene capilar. Proceso de lavado capilar: operacións previas; criterios de selección de cosméticos de hixiene e acondicionamento capilar; bases da técnica de lavado (fases e pautas de aplicación). Masaxe capilar no proceso de hixiene. Acondicionamento capilar. Técnicas complementarias: descrición e pautas de aplicación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Diseño dos peiteados(visaxismo)	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona o tipo de peiteado, tendo en conta a relación entre as características do cabelo e a morfoloxía da persoa usuaria.	SI
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO



4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os tipos de óvalo e siluetas co peiteado adecuado.
CA1.2 Diferenciáronse as características do cabelo e a súa relación co peiteado.
CA1.3 Identificouse a repercusión doutros factores (tipo de corte, alteracións, estilos, etc.), na selección do peiteado.
CA1.4 Clasificáronse os peiteados segundo o tipo de evento e a circunstancia, o tipo de óvalo e a lonxitude do cabelo.
CA1.5 Aplicáronse métodos para a determinación das tendencias en peiteados, a través de fontes documentais.
CA1.6 Identificáronse os métodos de análise de necesidades e demandas das persoas usuarias.
CA1.7 Deseñáronse propostas para procesos de peiteado.
CA2.14 Xustificouse o uso de adornos e outros complementos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Relación da análise morfolóxica facial e corporal cos peiteados e os acabamentos. Morfoloxía e estrutura do cabelo: tipos e formas de cabelo. Características relacionadas co peiteado. Outros factores que poden repercutir no peiteado. Tipos de peiteado: clasificación e características. Relación dos estilos e as tendencias cos tipos de peiteados. Análise das fontes documentais. Detección de demandas e necesidades da persoa usuaria. Elaboración de propostas de peiteados e acabamentos. Complementos para a realización de peiteados: tipos e características.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Execución do proceso de peiteados e acabados	130

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA4 - Realiza peiteados e acabamentos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Identifícanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
CA2.9 Determináronse as técnicas de comunicación verbais e non verbais.
CA2.10 Caracterizáronse a recepción e a atención telefónica apropiadas.
CA4.1 Determináronse as operacións previas do cabelo en función do peiteado seleccionado.
CA4.2 Establecéronse as características das técnicas de cambio de forma temporal.
CA4.3 Seleccionáronse os parámetros dos aparellos xeradores de calor.
CA4.4 Seleccionouse a técnica de secado en función do tipo de peiteado.
CA4.5 Estableceuse o procedemento de realización das argolas e das ondas á auga.



Criterios de avaliación
CA4.6 Realizáronse montaxes de rolos para efectuar unha marcaxe.
CA4.7 Xustificouse o emprego de técnicas auxiliares e asociadas para realizar o peiteado.
CA4.8 Realizouse a secuencia de operacións do peiteado.
CA4.9 Relaciónáronse as técnicas de acabado co tipo de peiteado.

4.5.e) Contidos

Contidos
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
Técnicas de comunicación: aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal.
Recepción e atención telefónica.
Importancia do traballo en equipo.
Preparación da persoa usuaria: acomodación e protección.
Operacións previas. Cosméticos protectores e facilitadores do peiteado: criterios de selección e aplicación.
Técnicas de cambios de forma por calor: moldeados e alisamentos térmicos.
Criterios de selección de aparellos de secado e utensilios: características e procedemento.
Técnicas de cambios de forma por humidade e mediante moldes: características e procedemento.
Técnicas auxiliares e asociadas ao peiteado: tipos (cardado, batedura, puído, etc.) e procedemento.
Combinación de técnicas para a elaboración do peiteado. Elementos que inflúen na realización dun peiteado. Pautas xerais para a preparación do proceso do peiteado. Selección de técnicas e realización.
Técnicas de acabado: características e procedemento.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Control de calidade e asesoramento	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Determina as pautas de mantemento do peiteado e avalía a calidade do servizo.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Establecéronse as técnicas básicas do mantemento do peiteado.
CA5.2 Seleccionáronse os cosméticos de mantemento necesarios.
CA5.3 Determináronse os utensilios para a súa conservación.
CA5.4 Identifícaronse os factores que modifican a duración do peiteado.
CA5.5 Xustificáronse os métodos de conservación e mantemento de adornos.
CA5.6 Propuxéronse medidas para mellorar o mantemento do peiteado.
CA5.7 Sinaláronse medidas para avaliar a calidade do servizo e a satisfacción da clientela.
CA5.8 Indicáronse pautas para atender eficazmente queixas e reclamacións.

4.6.e) Contidos

Contidos
Técnicas básicas de mantemento do peiteado: tipos e pautas.



Contidos
Cosméticos para aumentar a duración do peiteado: modo de aplicación. Utensilios empregados no mantemento do peiteado: características e xeito de emprego. Factores que modifican a duración do peiteado. Métodos para realizar a avaliación e o control da calidade dos procesos de cambio de forma temporal. Avaliación do grao de satisfacción da persoa usuaria. Resolución de queixas e reclamacións.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Deseño dos recollidos(vixasismo)	16

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona o tipo de recollido, tendo en conta a relación entre as características do cabelo e a morfoloxía da persoa usuaria.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os tipos de recollido coa análise morfolóxica e capilar.
CA2.2 Diferenciáronse as características do cabelo e a súa relación co peiteado recollido que se pretenda realizar.
CA2.3 Identificouse a repercusión doutros factores, como o tipo de corte, alteracións, estilos, etc., na selección do peiteado.
CA2.4 Clasificáronse os recollidos segundo o tipo de evento e circunstancia, o tipo de óvalo e a lonxitude do cabelo.
CA2.5 Establecéronse as formas e as tendencias nos recollidos.



Criterios de avaliación
CA2.6 Aplicáronse métodos para a determinación das tendencias en recollidos, a través de fontes documentais.
CA2.7 Identificáronse os métodos de análise de necesidades e demandas das persoas usuarias.
CA2.8 Deseñáronse propostas para a realización de recollidos do cabelo.

4.7.e) Contidos

Contidos
Relación entre a análise morfolóxica facial e corporal, e os recollidos. Morfoloxía do cabelo: tipos e formas do cabelo. Características relacionadas co peiteado. Outros factores que repercutan no peiteado. Tipos e formas de recollidos: clasificación e características. Relación entre os estilos e as tendencias, e os tipos de recollidos. Análise dos estilos de recollidos ao longo da historia. Análise das fontes documentais. Detección de demandas e necesidades da persoa usuaria. Elaboración de propostas de recollido.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Técnicas de recollidos	57

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e organiza a zona de traballo para a realización de recollidos e adaptación de próteses capilares, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA3 - Realiza recollidos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.	SI



Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Determina as pautas de mantemento do recollido, perrucas e próteses capilares, e avalía a calidade do servizo.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Xustificouse o uso de adornos e outros complementos.
CA1.9 Propuxéronse métodos de conservación e mantemento de adornos e complementos.
CA1.10 Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.
CA3.1 Realizouse a hixiene capilar e as operacións previas relacionadas co recollido.
CA3.2 Seleccionáronse as ferramentas, os cosméticos e os complementos.
CA3.3 Diferenciáronse as técnicas de realización dos trenzados.
CA3.4 Estableceuse o modo de realización de enrolados, argolas, retorcidos e bucles.
CA3.5 Establecéronse os parámetros de selección de postizos en función do estilo de recollido.
CA3.6 Adaptáronse postizos na execución dun recollido.
CA3.7 Xustificouse a combinación de técnicas para a elaboración do recollido.
CA3.8 Relacionáronse os métodos de suxeición do recollido coas ferramentas e os utensilios apropiados.
CA3.9 Xustificouse o emprego de elementos accesorios como factor potenciador do estilo.
CA5.1 Establecéronse as técnicas básicas do mantemento do recollido.
CA5.2 Seleccionáronse os cosméticos de mantemento necesarios.



Criterios de avaliación
CA5.3 Determináronse os utensilios para a súa conservación.
CA5.4 Identificáronse os factores que modifican a duración do recollido.
CA5.5 Xustificáronse os métodos de conservación e mantemento de adornos.
CA5.6 Propuxéronse medidas para mellorar o mantemento do recollido.

4.8.e) Contidos

Contidos
Operacións previas. Preparación do cabelo: criterios de selección e elaboración. Selección de ferramentas, produtos e complementos. Técnicas básicas para a realización de recollidos: tipos, descrición, características e modo de realización. Trenzados, enrolados, cocas, etc. Bucles e argolas, retorcidos, cruzamentos, plumeamento, etc. Combinación de técnicas para a elaboración do recollido. Elementos que inflúen na realización dun recollido. Pautas xerais para a preparación do recollido. Puntos de ancoraxe. Postizos: tipos, protocolo de aplicación de postizos e a súa adaptación ao recollido. Selección de técnicas e execución de recollidos. Adaptación de elementos accesorios: técnica de fixación ao recollido. Factores que modifican a duración do recollido.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Técnicas de colocación de perrucas e extensións	28

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Coloca perrucas, próteses capilares e extensións, interpretando as demandas e as necesidades da persoa usuaria.	SI



Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Determina as pautas de mantemento do recollido, perrucas e próteses capilares, e avalía a calidade do servizo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizáronse os tipos de perrucas e próteses capilares, e os seus modos de adaptación.
CA4.2 Xustificouse a selección de perrucas e próteses capilares en función das necesidades persoais e sociais da persoa usuaria.
CA4.3 Identificáronse as indicacións e as contraindicacións das perrucas e próteses capilares destinadas a clientela con necesidades específicas por motivos de saúde.
CA4.4 Adaptáronse correctamente as perrucas e próteses capilares.
CA4.5 Diferenciáronse os tipos de extensións segundo a súa técnica de fixación.
CA4.6 Fixáronse as extensións ao cabelo.
CA4.7 Retiráronse as extensións do cabelo.
CA4.8 Elimináronse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados.
CA5.7 Establecéronse as medidas para o coidado e o mantemento de perrucas e próteses capilares, nomeadamente en casos de clientela con necesidades específicas por motivos de saúde.

4.9.e) Contidos

Contidos
Perrucas e próteses capilares: tipos, indicacións e criterios de selección en función das necesidades persoais e sociais. Adaptación cranial. Procedemento de colocación de perrucas e próteses.
Extensións: características e tipos segundo a técnica de fixación. Procedementos previos e colocación. Rastas, cordóns, etc. Técnicas de eliminación de extensións.
Xestión de residuos.



Contidos
Técnicas básicas de mantemento de recollidos, perrucas e próteses. Coidados especiais en perrucas naturais. Cosméticos para aumentar a duración do peiteado. Modo de aplicación.
Utensilios empregados no coidado e no mantemento de próteses capilares. Características e forma de emprego.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Calidade nos procesos de recollidos, perrucas e extensións	14

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e organiza a zona de traballo para a realización de recollidos e adaptación de próteses capilares, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.	NO
RA5 - Determina as pautas de mantemento do recollido, perrucas e próteses capilares, e avalía a calidade do servizo.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA1.2 Valórouse o mantemento das instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.
CA1.3 Valórouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.4 Determináronse as técnicas de comunicación verbal e non verbal, nomeadamente en casos de clientela con necesidades específicas por motivos de saúde (oncolóxicos, etc.).
CA1.5 Caracterizáronse a recepción e a atención telefónica apropiadas.
CA1.6 Identifícanse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
CA1.7 Establecéronse as pautas de mantemento de aparellos, utensilios e accesorios.



Criterios de avaliación
CA1.11 Seguíronse as pautas para limpeza dos utensilios despois do uso.
CA1.12 Preparáronse as ferramentas e os utensilios necesarios no toucador e na área de traballo.
CA5.8 Sinaláronse medidas para avaliar a calidade do servizo e a satisfacción da clientela.
CA5.9 Indicáronse pautas para atender eficazmente queixas e reclamacións.

4.10.e) Contidos

Contidos
Adecuación do espazo de traballo. Identificación de utensilios e ferramentas. Hixiene e mantemento. Preparación do profesional: imaxe persoal. Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Comunicación e técnicas para detectar as demandas e as necesidades da persoa usuaria. Recepción e atención telefónica. Acomodación e preparación da persoa usuaria. Métodos para realizar a avaliación e o control do calidade. Avaliación do grao de satisfacción da persoa usuaria. Resolución de queixas e reclamacións.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXISIBLES

Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales nos diferentes criterios de avaliación e están recollidos en cada una das distintas unidades didácticas ,



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Os alumnos traerán modelos cando a profesora o esixa, e ademáis atenderán ós modelos que acuden o taller aínda que non sexan coñecidos ou familiares pois é necesario que se acostumen a tratar á clientela, xa que así se vai a desenvolver o seu traballo no futuro.
- Esixiráselle ó alumnado traballar entre eles, e coa clientela...e cambiar de parella cando a profesora así o crea necesario.
- En cada trimestre esixiráselle ó alumno a realización de unha serie de traballos mínimos.
- Cada alumno traerá todos os días o material necesario en perfecto estado de conservación e hixiene.
- A avaliación será continua, formativa e integradora. Que sexa continua, non implica que aprobar a 3ª avaliación, supoña aprobar o curso aínda que teña suspensas algunha das anteriores. Para aprobar o curso, hai que aprobar todas as avaliacións, polo tanto a nota da terceira avaliación e final, será suspensa se o alumno ten pendiente algunha das tres avaliacións.
- Haberá exames prácticos e teóricos en cada avaliación.

O alumnado que non faga algunha das partes ou probas exisidas, e non obteña un mínimo de 5, non acadará o aprobado, sendo preciso a recuperación das mesmas.

Valorarase positivamente: a creatividade, a coherencia, o emprego da linguaxe técnica etc...

Valorarase negativamente : non manter o material en bo uso, non hixienizar os útiles e materiais empregados no proceso, non manter a hixiene postural e o espazo de traballo limpo.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA-TALLER

Como norma xeral, os alumnos deben traer modelos e atender aos modelos que acuden o taller aínda que non sexan coñecidos ou familiares, pois é necesario que se acostumen a tratar á clientela, xa que así se vai a desenvolver o seu traballo no futuro. Inicialmente traballarán entre eles en pequenos grupos, despois farán tamén traballos en modelos alleos ao taller. Esixiráselle ó alumnado traballar entre eles, e coa clientela...e cambiar de parella cando a profesora así o crea necesario. Cada alumno traerá todos os días o seu equipo de traballo en perfecto estado de conservación e hixiene.

Será necesario para aprobar o módulo, é dicir, acadar unha nota de 5, a realización dunha serie de traballos mínimos, que serán comunicados ao longo de cada trimestre, en función do número de sesións e do tempo necesario para realizalos e da evolución dos alumnos. As primeiras sesións das actividades prácticas, dedicaránse a familiarizarse cos utensilios, produtos, e protocolos necesarios para facer os traballos, a partir de ahí, comunicaráselle aos alumnos os traballos mínimos para acadar o 5 e o tempo que teñen para realizalos.

Para subir esa nota será necesario a realización de máis traballos nas condicións que determinará o profesor, (en modelo real, alleo ao salón, compañeiro/a de clase, manequín, traballos escritos etc) Podendo acadar así o alumno/a una nota de 10.

A avaliación de cada tarefa, fágase mediante observación directa e reflexarase nunha táboa de observacións, na que se terá en conta o seguinte:

-Execución 70%: Preparación de material, Execución de pasos, Destreza, Tempo empregado e Resultado final.

Tamén se terán en conta a profesionalidade 30%: uniformidade, imaxe persoal, iniciativa ó traballo, orde e limpeza da zona de traballo e traballo en equipo

.Teranse en conta todas as tarefas diarias que o alumnado realiza na aula taller, estas atrefas farán media co exame práctico (60% tarefas do taller e 40% a nota de exame práctico)



PROBAS TEÓRICAS

Todos os traballos valoraranse do 0 o 10. O examen escrito poderá consistir, nun formato de un mínimo de 10 a un máximo de 20 preguntas de resposta pechada, baixo formato de elección múltiple, verdadeiro ou falso, de emparellar, completar, de ordenamento e identificación. Nas que as erróneas poderán restar nota, en cada exame indicárase o valor de cada acerto e de cada erro. Poderase valorar facer un examen de desenrolo, do tipo de resposta construída si se considera oportuno. Tamén se poderán realizar traballos elaborados polo alumnado, de maneira individual ou en grupo, e que poderán ser escritos, ou escritos con exposición oral, estes traballos avaliaráanse mediante unha rúbrica cos seguintes ítems(presentación,(10%) expresión escrita ou oral ,(10%) número de respostas correctas(10%), inclusión de aspectos relevantes,(10%) precisión das respostas(50%),recursos didácticos(10%)

OS PORCENTAXES COS QUE SE FORMA A NOTA FINAL

A nota final resultará dos seguintes porcentaxes: 70% de traballos prácticos + 30% de traballos teóricos, sendo necesario superar os CA vinculados aos mínimos exisibles para aprobar.

Será imprescindible ter un 5 en cada unha das partes (práctica e teórica) para facer media.

Terase en conta 1 punto positivo a sumar a cualificación final o facer un maior número de traballos, sempre que teñan como mínimo un 5

CASO DE NON PRESENTARSE A UN EXAME OU PROBA

Se un alumno non se presenta(sin causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá, no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo: Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, contará como non presentado, se é obrigatorio para aprobar, suspenderá a avaliación. O alumno terá que entregar o traballo, se é requisito obrigatorio, aínda que sexa fora de prazo, e teráselle en conta para a recuperación da avaliación, a entrega do traballo será requisito indispensable para poder recuperala.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS:

Ó alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados. De todas as probas que se suspendan, farase unha recuperación ó longo da avaliación seguinte.

As actividades de recuperación, reforzo e fundamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e as capacidades ímplicadas en: resolución de cuestionarios, análise e solución de problemas e casos, traballos prácticos, informes. realización de estudos e exposicións, etc...

O profesor se é o caso poderá pedirlle aos alumnos que traian modelos reais para a realización das probas prácticas, así como seu material en perfectas condicións hixienicas.

A porcentaxe será a mesma que para aprobar na avaliación ordinaria, 70% práctica 30% teoría , e a nota final será 5, tanto para nota 5 como para notas superiores. É obrigatorio ter un 5 en cada unha das partes(teórica e práctica) para facer media.

MÓDULO NON SUPERADO:

O alumno/a pasa de curso co módulo pendente , elaborárase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe . O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización , temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua (superar o tope de faltas do 10%) terán unha proba extraordinaria en xuño. Será unha proba teórica(de 1 o 2 sesións de duración) e outra práctica (de 3 sesións de duración).

Contido das probas:



- Selección de todo o material adecuado para o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene adecuadas.
- Realización teórica e práctica de traballos, baseándose nos contidos mínimos esixibles.

A proba práctica:

Duración: 3 horas

Contido da proba práctica:

- Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles e cosméticos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.
- Realización práctica de un peiteado e acabado, modelos reais.
- Realización práctica de un peiteado con aparatoloxía e moldes.
- Realización práctica de colocación de extensións.
- Realización práctica de recollido de época, actual, ou fantasía

A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Proba teórica..... 30% (Formato resposta pechada: elección multiple, verdadeiro ou falso, emparellar, ordear. De resposta aberta, ou unha combinación de ambas)

Proba práctica..... 70%(poderá ter parte escrita onde explique os procedementos que vai realizar, quedando así constancia escrita dos pasos a seguir) O/a alumno/a deberá traer un/unha ou varias/os modelos para poder realiza-la proba e o material necesario. Imprescindible acadar un 5 de nota en cada unha das partes, teórica e practica, para facer media e aprobar o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

AVALIACION E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.



- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.
- O final do curso tamén se lles dará ao alumnado, un cuestionario de respostas sinxelas e de forma anónima, para que eles mesmos valoren o desenvolvemento da programación, a actuación do profesor/a, e, en xeral, o desenrolo do módulo no curso académico, para solucionar problemas e dificultades cara o curso seguinte.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comenzo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Para iso, realizaranse uns cuestionarios ao alumnado co fin de indagar nos coñecementos que teñen a nivel xeral e observarase na aula e no taller as súas actitudes e aptitudes nas primeiras semanas do curso. Posteriormente xuntarase o equipo docente para a posta en común das informacións acadadas de cada alumna/o, e facer posible a avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercicios e actividades con diferentes grados de dificultade, o cal permite ao profesor/a seleccionar os mais adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os mais axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ó alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados. As actividades reforzo e aprofundamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Os exercicios prácticos e actividades que se propoñen están graduados de menor a maior dificultade, o cal permite ao profesor/a seleccionar os mais axeitados ao nivel do alumnado e aos intereses de este.



Por outro lado, a diferenciación de actividades prácticas, pode axudar ao profesor a flexibilizar o traballo na aula segundo a motivación e as necesidades do alumnado.

Sen embargo para proceder a adoptar medidas de reforzo educativo se consideran as seguintes:

-Avaliación previa, pola que se procurará detectar cal é o problema de aprendizaxe concreto que presenta o alumno/a; é dicir, determinar que é o que non consegue realizar dentro do traballo escolar e, en función de iso, determinar o obxectivo a cubrir por el.

Como instrumentos desta avaliación inicial se utilizarán:

- Probas escritas mediante cuestionarios sinxelos,
- Entrevistase, se é necesario, axuda a especialistas.
- Proposta de reforzo, pola que se trata de por os medios para lograr os obxetivos propostos.

. Como tratamento xenérico, se pode indicar que será necesario utilizar unha metodoloxía activa que potencie a participación, preferindo ao alumnado as realidades concretas unidas ao seu entorno, propiciando o traballo en grupo e favorecendo a súa participación nos exercicios previstos.

Ao mesmo tempo, propóñense tres tipos de actividades:

- Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimila-los contidos mínimos.
- Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se afofde nós coñecementos adquiridos.
- Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento máis preto do profesor/a do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.
- No caso de detectar alumnos con necesidades especiais, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, dificultades de idioma... etc. E sempre co asesoramento do equipo de orientación, o tutor, e os profesores implicados adoptarán as medidas recomendadas por dito equipo.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Trataremos os seguintes:

1. Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Desenvolver criterios de actuación que favorezan a responsabilidade e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Identificar e valorar a importancia da responsabilidade, a honestidade e xustiza no centro escolar e no mundo laboral.
3. Concienciarse da importancia tanto da propia liberdade como das obrigas de cara ós demais: clientes, compañeiros, superiores...

Inserción e aplicación

1. Durante os traballos no taller, tanto entre compañeiros como durante a atención ó público.

Enfoque metodolóxico

1. Simular na aula situacións nas que os alumnos teñan que reflexionar, valorar, argumentar e tomar decisións sobre a aplicación dos criterios de actuación que favorezan trocos responsábeis e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
2. Resolver dilemas morais que pechen conflitos éticos de solidariedade e xustiza nun contexto laboral, buscando posicionarse a través de criterios de argumentación claros e precisos.
3. Análise das propias pautas de actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso.
4. Desenvolver exercicios de cooperación nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Proposta de avaliación

1. Valorar o comportamento do alumno/a na resolución de situacións de aula e no desenvolvemento de exercicios persoais e/ou de grupo.

Educación para a saúde

Obxectivos



1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticos sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeita-las optando por valores que favorecen o benestar.

Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguranza e hixiene.
2. Aplicación de medidas preventivas e de protección durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Proposta de avaliación

Obxectivos

1. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles.
2. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticos sociais e medioambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeita-las optando por valores que favorecen o benestar.

Inserción e aplicación

1. Na análise dos riscos no ámbito laboral.
2. Na aplicación de medidas de prevención e protección.
3. Na aplicación de medidas sanitarias en caso de accidente.

Enfoque metodolóxico

1. Análise dos posibles riscos que para a saúde ten o traballo, segundo sexan as condicións de aplicación das medidas de seguranza e hixiene.
2. Aplicación de medidas preventivas e de protección durante a execución dos traballos prácticos na aula..

Proposta de avaliación

Enfoque metodolóxico

1. Resolver situacións que supoñan un conflito ou dilema moral, nas que se teña que reflexionar, aceptar, valorar, argumentar e actuar mantendo unha actitude de respecto e tolerancia ante a diversidade social.

Proposta de avaliación



1. Observar e valorar o comportamento do alumno/a en situacións de aula.

As nosas conductas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respetuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Participación en concursos e programas relacionados coa profesión
- Visitas a feiras profesionais, congresos...
- Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector.
- Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de perrucaría e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.
- Visitas a distintos medios de comunicación.
- Visitas a balnearios, spa, fábricas de cosméticos, de cabelo...
- Visitas a congresos nacionais e internacionais.
- Charlas propostas polo departamento de orientación.
- Xornadas de portas abertas.
- Charlas de persoas especializadas.
- Viaxes de convivencia con outros ciclos formativos.

Poderase realizar:

- Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...
- Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...
- Exposición de traballos realizados polos alumnos.



10. Outros apartados

10.1) Adaptación Covid-19

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

Durante o curso 2023-2024 non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da Covid-19 no ámbito educativo. Non obstante, será preciso manter unha serie de recomendacións:

1. Ventilación de espazos.
2. Hixiene de mans e hixiene respiratoria
3. A máscara non será de uso obrigatorio excepto no transporte escolar. Será recomendable no caso de persoas con criterios de vulnerabilidade ou que presenten síntomas compatibles coa Covid -19.
4. Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19

Se unha persoa presenta síntomas compatibles coa Covid-19 non precisa illamento pero deberá utilizar máscara e manter una hixiene de mans e respiratoria axeitada. Tamén evitará a interacción con persoas vulnerables. En calquera caso, se a sintomatoloxía lle impide asistir con normalidade ao centro, non acudirá, como no caso de calquera outra enfermidade común.